



DECRETO ALCALDÍA

Na data da sinatura electrónica.

Expte.: 2021032048

*Xeración de Créditos 007-X/21 (26/21)
Exptes. relacionados: 2021008962 e 2021032074
XC – 007X/2021*

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 09/08/2021 (ref: JFC/132/2021), asinado tamén pola Concelleira delegada de Facenda nesa mesma data, en relación coa solicitude de tramitación dunha xeración de créditos feita polo Servizo de Infraestruturas mediante Providencia de data 05/08/2021.

Visto o informe desfavorable emitido pola Intervención Municipal (ref.: 07-X/21) de 12/08/2021.

Vista a ampliación de prazos para a xustificación da subvención outorgada por Agader e a necesidade de disposición orzamentaria da anualidade 2022 no principio de ano para poder cumprir co prazo de xustificación antes do 10 de xuño de 2022.

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto, Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co número 16 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 007-X/2021, utilizando a figura das xeracións de crédito, contabilizando esta dentro do proxecto específico de gasto, con código 21-2-16-01 “Mellora Camiños Municipais de Acceso a Parcelas Agrícolas”, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
N160.4590.61900	Humanización e conservación dos núcleos rurais	39.664,80 €
TOTAL.....		39.664,80 €

ORIXE DOS FONDOS

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
45104	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) (CIF Q1500273F)	39.664,80 €
TOTAL.....		39.664,80 €



2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e ó Servizo de Infraestruturas, como centro xestor do gasto, aos efectos oportunos.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde do Concello de Ourense, en Ourense, na data da sinatura electrónica, do que eu, Oficial Maior, dou fe.

